



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Reunión do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros:
Protocolo para a xestión da vulnerabilidade**

Onte quedou aprobado o protocolo para a xestión da vulnerabilidade do Covid-19, dos traballadores especialmente sensibles.

Este procedemento contempla que todo aquel que pertenza aun grupo vulnerable poida traballar a distancia, esa será a primeira opción, así como que a AEAT poida facilitar medios para traballar a todo aquel que, atopándose nesa situación, non poida contar con eles. En todo caso, os traballadores que se atopen neste caso nunca se incorporarán antes da fase II.

¿Cales son os grupos vulnerables?

- Polas patoloxías: diabetes, enfermidade pulmonar crónica, enfermidades cardiovasculares (incluída hipertensión), cancro en tratamento activo e inmunodeficiencias

- Pola condición: maiores de 60 anos e embarazadas

No obstante, hai postos nos que é indispensable a actividade presencial, neste caso, para que estes traballadores poidan traballar presencialmente deben reunir unhas condicións que garanten a súa seguridade.

Hai tres tipos de vulnerabilidade:

- **Vulnerabilidade excluínte**: non se poden incorporar ata a resolución da alerta sanitaria

- **Vulnerabilidade sin ser excluínte en xeral**: poden teletraballar pero poderían ser requeridos en caso de prestar servizos esenciais se non houbera outra opción, neste caso só se incorporarían no caso de que a exposición ao risco fose baixa.

- **Vulnerabilidade sen ser excluínte de operadores críticos de postos esenciais**: son aqueles que, sen a súa incorporación, a AEAT deixa de prestar un servizo esencial. Neste caso podería estudarse a súa incorporación no caso de que a exposición ao risco fose media, de acordo co protocolo establecido.

¿Que condicións de saúde ou persoais son incompatibles totalmente co traballo presencial?

- Cando existe unha vulnerabilidade de especial protección (embarazo ou persoas en tratamento activo do cancro ou con inmunodeficiencias)

- **Cando existe comorbilidade:** sería no caso de ter máis dunha das patoloxías definidas por Sanidade como grupos vulnerables para Covid 19

- **Cando hai un mal control da patoloxía,** por exemplo cando se ten máis dunha delas e están descompensadas

Pasos a seguir polo traballador:

1º Informarse se a súa patoloxía está entre as definidas por Sanidade como grupo vulnerable. Neste caso, continuará en teletraballo

2º Se esta persoa fora chamada a traballar presencialmente informará verbalmente, ou por escrito, ao superior xerárquico que é vulnerable (sen dar datos de saúde) para continuar en teletraballo

3º Se fora un traballador indispensable, comunicará por escrito ao seu superior xerárquico se está no caso de ter unha doenza incompatible co traballo presencial (sen dar datos de saúde). En tanto non esté claro se é así, continuará en teletraballo.

4ª Se non ten condicións incompatibles comunicará tamén en qué condicións realiza o traxecto ata o lugar de traballo

5º O superior xerárquico trasladará esta información á Unidade de Persoal, que, á vista dos datos valorará a reincorporación, necesidade da adaptación do posto ou a posibilidade de realizar teletraballo.

6º Se non se ve viable ningunha das opcións anteriores, trasladará o caso á Área de Vixianza da Saúde do Servizo de Prevención. Nese caso sí que terá que achegar informes de saúde actualizados, aos que só terá acceso o persoal sanitario, ou o Anexo II do documento, cumprimentado polo seu médico.

No caso de que se dera a situación de que, tras os pasos anteriores, o traballador non poidera realizar a actividade presencial en condicións de seguridade, nin se lle poidera adaptar o posto, nin traballar a distancia, a Unidade de Persoal trasladará esta circunstancia á Área de Vixilancia na Saúde do Servizo de Prevención, que tras o estudo dos informes valorará a posibilidade de que o traballador pase a situación de IT

Achegamos, co correo, o protocolo para a xestión da vulnerabilidade aprobado onte.